

PROPOSTAS DE ACTIVIDADES

Asemblea: continuamos traballando os calendarios como todos os días. Hoxe presentamos unha nova compañeira, o seu nome é Nerea e xa ten 5 anos. Facemos o acróstico co seu nome na seguinte ficha (podédela atopar no outro documento e as familias que non poidan imprimir poden realizar a actividade nun folio ou caderno).



Proxecto “Coñecendo aos animais mariños”: Hoxe comezamos este novo proxecto, como xa vos comentei con anterioridade continuaremos traballando “o mar” para que todos (tanto os titores, especialistas e apoios) traballemos a mesma temática, e as actividades propostas relaciónense entre elas.

No 1º trimestre fixemos dous proxectos "Os animais mariños" (onde aprenderon moitas características xerais dos animais mariños) e "Debuxando animais mariños" (onde debuxamos animais mariños coa pegada da nosa man). E no 2º trimestre realizamos tamén dous proxectos “Os oficios do mar” (onde traballamos todos aqueles oficios relacionados co mar) e “Creando cadros” (onde nos convertemos en auténticos pintores e pintamos diversos cadros onde aparece o mar).

Neste 3º trimestre imos traballar varios animais mariños, cada semana dedicámoslla a un animal mariño, onde investigaremos e aprenderemos moitas características dese animal.

Hoxe comezamos co “POLBO”, para saber máis sobre este animal miramos o seguinte vídeo “ El pulpo, aprende sobre las animales de las caricaturas de Alex” (<https://youtu.be/FmdDYf1MXzA>).

Unha vez rematado de ver o vídeo facemos a seguinte ficha onde primeiro teñen que debuxar un polbo e despois contestar á dúas enquisas: a que familia pertence? (mamíferos, peixes, réptiles, crustáceos, moluscos, equinodermos, etc), e é un animal vertebrado ou invertebrado? (para contestar as enquisas poden mirar o proxecto que traballamos no 1º trimestre, nel teñen as respostas).

Deixo o modelo no outro documento e as familias que non teñen impresora poden copiar a man o modelo nun folio ou caderno.


The worksheet is enclosed in a decorative border of small, colorful pencil icons. At the top, there is a rounded rectangular box containing the word "POLBO". Below this is a large, empty rectangular box for drawing. Underneath the drawing box, the text "DEBUXO DO ANIMAL" is written in small letters. Below that, there are two questions in bold, underlined text: "· A QUE FAMILIA PERTENCE?" and "· É UN ANIMAL VERTEBRADO OU INVERTEBRADO?".

Lóxica- matemática: hoxe imos xogar cos números e co dado. Nun folio escribides moitos números do 1 ao 6 (deixo un modelo no outro documento pero cada familia pode facer un modelo diferente), @s nen@s teñen que tirar o dado, contan os puntos e teñen que rodear ou colorear todos os números que atopen (podedes empregar un rotulador dunha cor diferente para cada número).



Lectoescritura: ata agora estivemos a facer actividades xerais coas letras pero a partir de agora cada semana imos traballar unha letra (para lembrar todo o que aprendemos no 1º e 2º trimestre). Este traballo que imos facer titulámolo “O libro das letras”. Como hoxe estivemos traballando o polbo, imos a traballar a letra “P”.

A actividade consiste en que nun folio debuxamos a letra P no medio e despois temos que buscar en revistas ou folletos tres ou catro debuxos que comecen pola letra P (como na imaxe). Recortámoslos e pegámoslos no folio, e despois os alumnos de 4 e 5 anos escriben o nome (os de 4 anos en maiúscula e os de 5 anos intentarano facer en minúscula).



Experimento: neste 3º trimestre todos os martes a mestra a apoio Yasmina e eu imos a propoñervos facer un experimento con auga (para

relacionalo coa temática do mar). O primeiro experimento que vos propoñemos é “A auga que non cae”.

Materiais: un vaso de cristal (se é de tubo mellor), unha carta dunha baralla (ou unha cartolina) e auga.

Paso 1: coller o vaso e enchelo de auga ata o límite sen que pase.

Paso 2: colle a carta e tapa con ela o vaso.

Paso 3: agora colle cuidadosamente o vaso e dálle a volta. E “MAXIA” a auga non cae.



Especialistas: lembrade que hoxe é luns e tedes que facer os xogos que deixavos o mestre Daniel no seu apartado e mañá martes coa mestra Yasmina imos facer o taller dos experimentos (pero se algún nen@ quere facer algunha actividade máis con ela podeades premer no seu apartado).

Tamén lembrade que os martes ven a mestra Sara de Audición e Linguaxe e a mestra Lorena de Pedagogía Terapéutica, @s nen@s que traballades con elas non vos esquezades de facer algunha actividade que elas planifican no seu apartado.

Conto: para rematar, a miña proposta de hoxe é mirar o conto de “Orlando. El pulpo valiente” da editorial OQO (<https://youtu.be/3N2xSFNT2Ok>).

Ao rematar podeades facer un debuxo (deixo as fichas no outro documento).